

**MANUEL CURROS ENRÍQUEZ: DO OPTIMISMO
DEMOCRÁTICO-LIBERAL AO PRENACIONALISMO
ANTI-IMPERIALISTA**
Francisco Rodríguez

**Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega co
patrocinio da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo**



**XACOBEO 2010
Galicia**

Un dos tres grandes clásicos da literatura galega do século XIX é Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908). Como Rosalía e Pondal contribuíu, de forma poderosa, a reconstruír o edificio dun sistema literario propio, isto é, fundamentado no uso da lingua galega. Desde a perspectiva iniciada por *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía, Curros tamén intentou convencer o público culto, letrado, de que a lingua galega era capaz estética e intelectualmente de acadar os cumios das linguas oficiais europeas. Tratábase de ocupar as funcións de que tiña sido excluída durante os catro últimos séculos, iniciando a tarefa coa demostración da capacidade poética do idioma. Non pode estrañar que este obxectivo normalizador comportase o acceso da temática galega ao universo literario, considerando suxeitos e problemas galegos dignos de materia literaria, dentro dunha dialéctica ou concepción universalista. O obxectivo non era limitadamente enxebrista nin costumista, ou se se quixer, limitadamente folclórico. Era humanista e descolonizador.

Se Rosalía é unha poeta filosófica, proteica, dun realismo multifacético, Curros é un poeta prioritariamente ideolóxico, mesmamente político. Resulta mestre na arte de ofrecer unha visión poética relevante desde unha anécdota, un conflito, un suceso histórico puntual. No seu caso, a diferenza cualitativa entre a súa poesía en lingua galega e aquela outra en castelán é abismal. Seguramente isto se debe a que o uso do galego comportaba observar ou partir dunha realidade diferente, menos libresca, máis empírica e sensíbel, orixinal e orixinaria, ao tempo que se enfatizaban os aspectos actitudinais máis rupturistas. A presenza opresiva do canon literario libresco, especialmente o romantismo de Zorrilla, fana os seus poemas en español como “La Guerra Civil” (*Los Lunes del Imparcial*, 3 de xullo de 1874) ou “Tributo de Sangre” (*La Ilustración Republicana Federal*, 8 de xaneiro de 1872).

1. Curros vai cumprir 30 anos cando publica o seu primeiro libro en lingua galega, *Aires da Miña Terra* (1880). Aparece entón un poeta vangardista, orixinal, realista e simbolista, imposible de integrar na convención literaria española daquel momento. Fora neno rebelde contra o autoritarismo paterno: fuxira de casa para Madrid con 16 anos. Conformárase ideoloxicamente na atmosfera previa á revolución de 1868. O seu traballo fora o de xornalista, mesmo correspondente de guerra en Euskadi. As súas conviccións laicas levárono a casar só polo civil en 1871. Por suposto o credo republicano representaba para el a ruptura real, definitiva, coas lacras do feudalismo e o absolutismo. A súa identificación con Galiza levouno a colaborar en Madrid coa agrupación *Galicia Literaria*, que reunía galegos empeñados en honraren o seu país e traballaren pola súa prosperidade, sob a guía de Francisco Añón, vello símbolo revolucionario, que Curros consideraba mestre, e o impulso do mozo Vesteiro Torres. *Aires da Miña Terra* responde a unha relocalización espacial: a volta a Ourense en 1877, xa na restauración borbónica, após de padecer problemas coa censura en *El Imparcial*, conseguido un posto de traballo na Delegación de Facenda grazas ao seu protector Don Modesto Fernández e González. Comezou por participar nun certame literario, patrocinado por Don Modesto e convocado para premiar con dous mil reais o poeta que, en galego, cantase mellor un costume, unha tradición e un tipo de Galiza. Para esta fin elaborou os poemas “Unha Voda en Einibó”, “A Virxe do Cristal” e “O Gaiteiro de Penalta”, que gañarán o premio. Segue a exercer de xornalista e escritor en español: a novela por entregas *Paniagua y Compañía*, *El Telegrama* (A Coruña, 1878) e a peciña *El Padre Feijoo* para representar co gallo do erección dun monumento ao frade

benedictino en Ourense (1879), son algúns exemplos. Sintomaticamente *Aires da Miña Terra* vai ver a luz grazas á subvención da Deputación Provincial, non sen oposición dalgún deputado. Consta dos poemas gañadores no concurso devandito e doutros dous que demostran que fora poeta en galego desde moi mozo: “Cantiga”, de 1869, e a “Primaveira”, de 1874. O resto, un total de quince poemas na primeira edición, son novos, inéditos, unha revelación estética e ideolóxica nada restrita ao esquema costumista e tradicional do certame do que fora gañador.

A reacción da Igrexa Católica foi tan fulminante como elocuente: o bispo de Ourense instou o Goberno Civil a que impedise a circulación do libro. Denunciado o autor pola Fiscalía e xulgado en primeira instancia, foi condenado a unha pena de dous anos, catro meses e un día de cadea, e multa de 250 pesetas polo delito de falta de respecto ás crenzas relixiosas. Recorrida a sentenza na Audiencia da Coruña, foi absolto de todos os cargos. O proceso non fixo máis que impulsar un éxito clamoroso para *Aires da Miña Terra*, convertido no *best-seller* da literatura galega do XIX. Tanto que se fixo unha segunda edición xa en 1881, engadíndolle seis novos poemas, algúns ben ácidos e críticos coa Igrexa Católica. A maioría dos poemas do libro expresan o ideario democrático, republicano, aplicado á realidade galega: defensa da propiedade privada da terra para os labregos que a traballan, crítica da política fiscal que sofre o campesiñado, denuncia dos privilexios e prepotencia da Igrexa, abolición da pena de morte, papel redentor da educación, ataque ás levas para o servizo militar, libre comercio dun produto básico para a conservación de carne como o sal... Nunha palabra, os lemas da Revolución Francesa, “liberdade, igualdade e fraternidade”, pendentes de seren cumpridos pola continua primacía da ignorancia e do interese. Na medida en que a monarquía acubillou sempre os intereses reaccionarios e feudais, Curros identifícaa co poder podre e opresivo da reacción. O progreso técnico, o saber, ademais da propiedade privada, conducirán inexorabelmente ás sociedades a unha nova etapa histórica. É rechamante o relativismo relixioso de que fai gala Curros, un home que atribúe ao cristianismo a orixe dos valores da revolución francesa. Foi quen de considerar que Deus se manifestaba a través dos distintos profetas das relixións monoteístas: o xudaísmo, o cristianismo e o islamismo. O poder da palabra expresouse en todas elas, como lábaro de redención, camiño de paz e de consolo (“A Palabra”).

2. O éxito literario non impediu que, como represalia, fose cesado do seu emprego na Delegación de Facenda de Ourense, en 1883, véndose obrigado a tornar de novo a Madrid. Recupera o seu labor xornalístico (*El Porvenir*, *El País*) e milita na causa do republicanismo de Ruíz Zorrilla, sen perder contacto con Galiza e gañando simpatías na emigración galega, especialmente en Arxentina e Cuba. En 1888 publica, na Coruña, *O Divino Sainete*, parodia da *Divina Comedia*, pero desde unha perspectiva cultural galega, desde o interior da súa dinámica ideolóxica, moral, política e artístico-literaria. Toma partido pola cultura nacional galega e por todos aqueles, homes e mulleres, que se esforzaban por defenderen a dignidade do pobo galego e os seus intereses. Os símbolos centrais da dialéctica de opostos, entre ideoloxía e mentalidade dignamente galega e aquela outra anti-galega, fican representados pola figura de Rosalía, por unha banda, e por Dona Emilia Pardo Bazán, pola outra. O percorrido xeral deste poema en oito cantos é paralelo a unha peregrinaxe a Roma para visitar o Vaticano. A Santa Compañía de peregrinos, a súa viaxe, a través dos países polos que van pasando, dá pé a un fondo ataque ao fanatismo relixioso e a milagraría. O cumio é a entrevista co Papa, representante do Vaticano, un poder terreal, cheo de bens temporais e de

riqueza, aliado coa guerra, a turbulencia e a tiranía, e integrado co poder secular do Estado. Resulta unha imaxinativa e sarcástica crítica á posición papal de non reconciliarse co progreso, o liberalismo e a civilización moderna. Dedicado á mocidade galega, é toda unha demostración de como contribuír estética e ideoloxicamente a un debate contemporáneo desde unha óptica galega. Con raizames evidentes na tradición literaria europea, esfórzase por dotalo de orixinalidade a través de símbolos oníricos, fantásticos, da nosa tradición popular e de símbolos reais da nosa tradición culta. A resposta na Galiza foi o silencio, que tanto amolou ao poeta. A crítica española considerouno ou unha herexía ou a expresión da liberdade crítica necesaria, segundo a perspectiva ideolóxica do xulgador. Fica claro que Cristo non abenzoaría a Igrexa Católica. Os representantes de Cristo deben estar da parte dos pobos que loitan e pelexan pola democracia.

A admiración de Curros por Rosalía, a súa avaliación do valor esplendoroso do seu esforzo e obra, até convertela en símbolo da necesaria redención de Galiza, fica en evidencia nos logros estéticos que representan dous grandes poemas currosianos a ela dedicados. O primeiro, “A Rosalía”, 1891, foi publicado en *La Patria Gallega*, órgano dos rexionalistas, co gallo do traslado dos restos mortais da poeta de Adina a San Domingos de Bonaval, deixando de manifesto o carácter heterodoxo e errante aínda da súa obra, tanto como a encarnizada hostilidade da que fora vítima polos poderosos. Esta vinculación á dialéctica cultural e ideolóxica de Galiza completábase co esforzo por organizar os galegos de Madrid. Participa na fundación do Centro Galego desta cidade en 1893 e elabora con tal motivo un poema, “Na Apertura do Centro Gallego”, que le perante un público que ateigaba o Teatro de la Comedia o 27 de marzo. Porén, os conflitos ideolóxico-políticos non o abandonan na atmosfera da restauración monárquica. Por causas relacionadas coa súa actividade xornalística en *El País*, decide emigrar a México, se ben ficará na Habana onde creu contar cos apoios necesarios para abrirse camiño no seo da emigración.

3. A posición xa prenacionalista de Curros, o seu espírito democrático e as múltiples tarefas reivindicativas que encabeza non posibilitan a súa cómoda integración na colonia española. Dirixe o semanario *La Tierra Gallega*, que é obxecto de multas e censura governativa, precisamente por denunciar en artigos, da súa autoría especialmente, os prexuízos que acarreta o centralismo a Galiza. Resulta incisiva a súa denuncia da discriminación que fai o Goberno central cos estaleiros da Graña (Ferrol) fronte aos da Carraca (Cádiz); asombra a súa clarividente e contundente condena dos que negocian coa emigración, así como a evolución do seu pensamento a respecto deste fenómeno, desde o seu inicial optimismo até o seu final xuízo crítico, fundamentado xa na defensa do dereito a vivir no propio país; promove a fundación dunha academia da lingua, que acabará desembocando na actual Real Academia Galega (A Coruña, 1906); enxuiza o movemento independentista cubano, evoluindo dunha posición timidamente autonomista á asunción do soberanismo, con críticas, xa conseguida a independencia, aos partidos españois por ofuscaren moitos emigrantes, el mesmo, coa idea da españolidade da illa. Regresará a Galiza para permanecer nela entre abril e outubro de 1904, cunha curta estadía en Madrid. O 23 de setembro dese ano lerá, co gallo dunha ofrenda floral a Rosalía, perante a súa tumba, no actual Panteón de Galegos Ilustres, un poema a ela dedicado que figura entre os mellores da literatura galega. “Na tumba de Rosalía” expresa toda a angustia de Curros perante o proceso expansivo do imperialismo, representado na súa máxima expresión e no seu

puxante ascenso, por Estados Unidos e Xapón. O imperialismo provoca o retroceso e a destrución da conciencia nacional dos galegos e galegas, a minusvaloración dos seus símbolos, da súa lingua, a ignorancia da súa historia e dos esforzos dos que nos precederon combatendo para existirmos como pobo. O poema significa unha ofrenda profética que, en grande maneira, segue vixente. É unha extraordinaria mestura dun estado de ánimo desacougado e céptico coa descrición dun proceso histórico e as súas consecuencias para un pobo sen Estado. Malia os recoñecementos públicos de que foi obxecto, entre eles unha homenaxe no Teatro Principal da Coruña o día 21 de outubro onde leu o poema “Ao pobo coruñés”, sendo coroado con coroa de ouro e prata, ninguén lle ofreceu traballo para ficar na Galiza ou en Madrid. Volveu para Cuba, onde seguirá a traballar en *El Diario de la Marina* até a súa morte o 7 de marzo de 1908. Por iniciativa da Asociación da Prensa Coruñesa e da Real Academia Galega, o seu cadáver será trasladado a Galiza. É embarcado o cadaleito nun vapor que parte da Habana o día 20 e chega ao porto da Coruña o día 31. O recibimento ese día, as visitas á capela ardente no Concello o día 1 de abril e o enterro o día 2 no cemiterio de San Amaro, foron a maior manifestación de adhesión popular endexamais vista até entón nas rúas coruñesas. Non faltaron os conflitos: moitos pensaban que Curros debía ser enterrado cunha cerimonia laica e non católica...

4. Manuel Curros Enríquez é posibelmente o poeta ideolóxico, democrático e republicano, máis senlleiro e significativo das literaturas ibéricas. Asemade, expresa nidiamente a evolución, desde unha concepción universalista abstracta, a un compromiso prenacionalista concreto, como produto da constatación da experiencia histórica, confrontado coa visión imperialista do mundo que se estaba a impor na transición finisecular. Non sendo psicolóxica nin temperamentalmente, e en parte tampouco ideoloxicamente, rosaliano, foi nembargante o máis devoto admirador e discípulo de Rosalía, precisamente porque se decatara do seu simbolismo nacional e antiimperialista. O seu nome foi moi afamado entre as clases populares de Galiza, como lidos, e valorados, moitos dos seus poemas pola súa intencionalidade anticaciquil, anticlerical e antimonárquica, esquematismo que prevaleceu sobre os aspectos máis complexos e reveladores da súa escrita. É difícil achar un poeta tan confesamente ideolóxico que chegue a acadar tal calidade estética. Resulta exemplar constatar unha evolución tan expresiva na súa obra desde o optimismo racionalista inicial, o dun programa democrático-liberal e republicano, a unha racionalidade cavilosa, desacougada e céptica nos anos finais da súa vida, na que nos legou algúns dos mellores poemas e reflexións, xustamente os máis ignorados, xustamente os máis vivos.

ESCOLMA DE TEXTOSⁱ

A fouce do avó

Tres véce-la afiei: foi a primeira
cando, ardendo a seara a mailas meses,
segou tantas cacholas de franceses
que non colleran en montós na eira.

Foi a segunda cando, prisioneira
a patria dos teocráticos intreses,
esgazou tras mil loitas e riveses
do poder absoluto a ruín bandeira.

Pola vez derradeira afíoa agora...
-¿E para que, avoeliño? -escrama o neto,
póndose diante del, coa faldra fóra.

-Para que segues ti -repuxo inquieto-
o froito que eu semei, e que xa cora,
-dixo, e sorriu con risa de esquileto.

El Heraldo Gallego, Ourense, 1874

INTRODUCCIÓN: (Fragmento)

...Cando tódalas linguas o fin topen
que marca a todo o providente dedo,
e cos vellos idiomas estinguidos
sola unha fala universal formemos;

esa fala pulida, idioma úneco
máis que hoxe enriquecido, e máis perfeuto,
resume das palabras máis sonoras
que aquelas nos deixaran como en herdo;

ese idioma, compendio dos idiomas,
com'onha serenata pracenteiro,
com'onha noite de luar docísimo,
será -¿que outro sinón?- será o gallego...

En Aires da Miña Terra, 1880

O Maio

Aquí vén o maio
de frores cuberto...
Puxéronse á porta
cantándome os nenos;
i os puchos furados
pra min estendendo,
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,
calados e quedos;
que o que é polo de hoxe
que darvos non teño.
Eu sónvo-lo probe
do pobo gallego:
pra min non hai maio,
¡pra min sempre é inverno!...

Cando eu me atopare
de donos liberto
i o pan non me quiten
trabucos e préstemos,
e como os do abade
florezan meus eidos,
chegado habrá estonces
o maio que eu quero.

¿Queredes castañas
dos meus castiñeiros?...
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos:
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.

Aires da Miña Terra, 1880

As Cartas

I

-Fende, nena, esa foupa, e bota leña
pra que arda ben o lar:
Teu pai vén esta noite, e cando veña
vaise querer quentar.

-¡Dio-lo saque con ben desta xornada!
-¡Amén, filliña, amén!
Xunta, xunta esa cinza esparramada
pra que se quente ben.

-¿Cantas bestas levou? -Tódalas súas
i os potros de Pardal.
-Pois desta somos ricos... Sete e dúas
¡nove cargas de sal!

-¿Ricos?... ¡Ai, ogallá!; nadia che é rico
co´esta contribución.
-Nove cargas de sal a tres e pico,
¿cantos pesos compón?...

II

Así, ó calor da amortecida lume
falaban filla e nai,
mentras, co vento reloitando, o fume
pola troneira sai.

E dun candil, como o candil da morte,
ó fusco resprandor,
buscou a nai nunha baraxa a sorte
de seu ausente amor.

III

Alegre, por camiños, na de copas
pensando... -Esta son eu.
Por entre homes de espadas... -¿Serán tropas?
Con fortuna rompeu...

¿Rompeu?... Pois asosega, non te espantes,
nin tremas, corazón.
No... ben mirado, as cartas prós amantes
¡que gasalleiras son!

Peligros con vitoria, cavilando
 en prendas de valer..
¿Logo salváronse el i o contrabando?...
 ¡Quen cho verá correr!

¡Pero, cala! Tras del, con picardía,
 catro homes de armas van:
Disgracia nunha vreda. -¡Ave María!
 ¡Que cousas me hoxe sán!

¡Bah! Por forza anda mal esta baraxa.
 ¡Malia quen a enventou!
Sempre prenosticándome a mortaxa,
 e sempre me enganou.

¿Non o digo?... Petando están á porta.
 Vai abrir, nena, vai,
entramentres que atizo a lume morta
 pra se quentar teu pai.

IV

¡Non mintían as cartas, non mintían!
 Cando a miniña abriu,
dar creto, a fe, seus ollos non podían
 ó que alí estonces viu.

Polos gardas fronteiros atrapado
 vindo de Portugal,
entrou, sobre unha besta esmiolado,
 o traficante en sal.

Aires da Miña Terra, 1880

Na chegada a Ourense da primeira locomotora

I

Velaí vén, velaí vén avantando
comaros e corgas, e vales, e cerros.
¡Vinde vela, mociños e mozas!
¡Saludaina, rapaces e vellos!

Pon onde ela pasa
fecunda os terreos,
espértanse os homes,
frolecen os eidos,

Velaí vén, velaí vén, tan oupada,
tan milagrosiña, con paso tan meigo,
que parece unha Nosa-Señora,
unha Nosa-Señora de ferro.

Tras dela non veñen
abades nin cregos;
mais vén a fartura
¡i a luz i o progreso!

II

Catedral, demagogo de pedra,
dun pobo fanático erguida no medio,
repinica esas chocas campanas
en sinal de alegría e contento.

Asocia esas voces
ó son dos pandeiros,
¡ás santas surrisas
de terras e ceos!

E ti, río dos grandes destinos,
que os himnos ensaias dos trunfos ibéricos,
requeimáda-las fauces de sede
vén o monstro a beber no teu seo.

Bon samaritano,
dálle auga ó sedento,
que a máquena é o Cristo
dos tempos modernos.

La Ilustración Gallega y Asturiana, 18 de abril de 1881, tamén en *Aires...*, 2ª Ed., 1881

A Palabra

Eu son Mahomet, o fillo dos libres areales,
o eleito dos profetas, o árabe de Dios;
cantos amés dos héroes os trunfos imortales
seguid a miña enseña i ouvide a miña vos.

Da miña tenda á sombra erguida ó pé do outeiro,
os dios lamentando da cega humanidá,
de paz e de consolos o corazón baldeiro,
oraba do deserto na murcha soledá.

Da fame nos vasalos, da farta nos mainates,
cal dun alfanxe a folla feríame a visión:
choraba dos beduínos a vida de combates,
dos príncipes as folgas, do eunuco a condición.

“¿Por que, Señor, consintes desigualdás tan grandes,
si todo canto é nado de ti somentes sai?
¿Por que tantas liortas, preiteos e desmandes
entre os que a Cristo adoran, a Osiris i a Adonai?

¡Señor, daime unha cifra que ligue tantos nomes,
un símbolo que xunte a tantos corazóns,
unha bandeira que una i amiste tantos homes,
que faga un mundo de ánxeles dun mundo de leós!”

Así eu rezaba cando, descendo das alturas,
chegouse a min e díxome, tocándome, Gabriel:
-Esparxe as túas olladas por esas ruís llanuras
e cóntame o que vires pola extensión cruel.

Mirei: nun soño calmo a natureza dorme,
atafegada baixo dun sol abrasador.
Mirei, e vin ó lexos unha montana enorme
onde o deserto acaba que cingueme en redor.

-¿Que ves? -Unha montana. -¿Que máis? - O gran deserto
-¿Que ves nese deserto? -Mil vermes a rifar,
mordéndose, matándose... -Formigas son, de certo
-dixo Gabriel- guerrean e vounas concordar.

Baixouse; unha formiga do chau recolheu logo;
faloulle nunha fala que ó punto ela entendeu;
pousouna sobre a area, que queima como fogo,
i a contemprala mudos puxémonos el i eu.

A probe da formiga botou a andar lixeira
parando a todas cantas ó paso tropezou;
estas pararon áutras, e xuntas i en ringleira
a pouco un gran trafego entre elas comezou.

En escadrós dispostas baixo a raxeira insana,
cal un podroso exército rubir ó monte as vin
e grau por grau a area quitando da montana,
ila desmoroando nun ir e vir sen fin.

Finou de noite a brega que comenzou de día,
e cando veu a lúa bater no meu lumial,
de monte, cuio cume nos ceos se perdía,
non alumou indicio, nin rasto, nin sinal...

-¿Que ves?, volveu dicirme Gabriel. -Sólo a llanura.
-¡Fíncate! Da palabra estás diante o poder.
¿Que é máis que unha formiga a humana criatura?
Fálalle, e dos seus odios o monte has de vencer.

.....

Eu son Mahomet, o fillo dos libre areales,
o eleito dos Profetas, o árabe de Dios;
cantos amés dos héroes os trunfos imortales,
seguide a miña enseña i ouvide a miña vos.

Aires da Miña Terra, 1880

O Divino Sainete (Fragmento)

...I aquí o Papa outro traguíño
botando, escramou: -¡Que tempos!
I Añón respondeu: -¡Que viño!

-No medio de loita tanta
soio hai paz -tornou León XIII-
no seo da Igrexa santa.

¡E chamádesme tirano
a min, triste prisioneiro
na cárcel do Vaticano!

-Perdóneme súa mercede
-dixen entón-; pero coido
que mentres a Santa Sede

os bens temporales ame
e insulte coa súa riqueza
ós que se morren de fame;

mentres o Papa, que o trono
das almas herdou somentes,
queira ser do mundo dono

i a pel do pascoal Carneiro
trocando en coraza, trate
de convirtirse en guerreiro,

a obra papal será impía;
non de paz, de turbulencia;
non de orde, de tiranía.

De Cristo a mística esposa
fixo nefando adulterio,
i a súa falta vergonzosa

non terá perdón divino,
senón cando a Cristo torne
dos brazos de Constantino...

Canto VIII, *O Divino Sainete*, 1888.

A Rosalía

I

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela
no bico un cantar.

E vina tan sola
na noite sin fin,

¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!

II

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta morreu...
Os ósos son dela
que vades gardar.

¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

La Patria Gallega, 1891

Na tumba de Rosalía

Collidas a pedir de porta en porta
(que eu non herdei xardíns nin hortas teño)
¡sombra sin paz da nosa Musa morta!
Aquí estas froes a tragnerche veño.

¡Ó espárexelas sobre a pedra fría
que un Resurrexit pra crebarse agarda
sinto cuase o tremor que sentiría
o ladrón que recea e se acovarda.

Como el, ao che deixar a miña ofrenda
a soledade en miña axuda chamo,
que si el ten medo que a xustiza o prenda,
temo eu que me marmuren os que amo.

Tanto do noso tempo a xente esquiva
as patrias grorias burla i escarnece:
¡Xeración de mánceres cativa
que hastra o pai que a enxendrara desconece!

Que hoxe é pecado lembrar fazaña
porque impotentes pra as facer nacemos,
e cecais que gabar grorias estrañas
nos console das propias que perdemos.

O valor, o carácter, as ideas,
fala, costumes... son *lendas douradas*.
¿De que coor serán, ¡ai!, as alleas
que nos fan ler a couces e pancadas?

.....

Mais dorme, Rosalía, mentras tanto
nas almas míngo a fe i a duda medra.
¡Quen sabe si, deste recinto santo,
non quedará mañá pedra con pedra!

¡Quen sabe si esta tumba nese día
chegará a ser, tras bélicas empresas,
taboleiro de yankee mercería
ou pesebre de bestas xaponesas!

Gaceta de Galicia, 24 de setembro, 1904

“El Símbolo” (Fragmento)

...Realmente, cuando se sabe que Jesús para establecer su doctrina no se valió de otro instrumento que el de la palabra, y que este instrumento en sus labios era hasta imperfecto, porque Jesús no dominaba el hebreo culto y predicaba en arameo, uno de los dialectos menos literarios de cuantos se hablaban entonces en la Judea, hay motivo para asombrarse; y es preciso, es necesario convenir en que algo había en sus ideas de inmortal y divino para que perduraran a pesar de lo deleznable y tosco de la forma en que las emitía.

Los que condenan el cultivo de los dialectos debieran fijarse en esa circunstancia para convencerse de que no es preciso apelar a las lenguas oficiales impuestas, ni al idioma de los sabios, para producir obras trascendentales...

La Tierra Gallega, La Habana, 14 de abril de 1895

ⁱ Nota: os poemas reproducense segundo a edición de Elisardo López Varela en *A Poesía Galega de Manuel Curros Enríquez*, T. I, A Coruña, 1998